



FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/44-1
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE A CORUÑA	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ E EMBARCACIÓN	

Especies	Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>) e ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>).
Ambito do plan	Zona de libre marisqueo da Ría do Burgo: dende a ponte de A Pasaxe ata a liña imaxinaria que vai dende o colexio Santiago Apóstol ata o extremo E da praia de Santa Cristina
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/personas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
90	38	44
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	-	0

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción												
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: a pé: 25 días												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
								X	X	X	X	
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: dende embarcación: 30 días												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
								X	X	X	X	

Topes de captura⁽⁶⁾			
Especies	A pé (Mariscadora/día)	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo /día
Ameixa fina	7 kg	-	7 kg
Ameixa babosa	7 kg	-	10 kg
Ameixa xaponesa	2 kg	-	2 kg
Berberecho	10 kg	-	10 kg

Artes a empregar	A Pé: Rastrillo e sacho Dende embarcación: Raño
-------------------------	--

Puntos de control	Punto de control e venda no lugar de As Xubias (A Coruña)
Puntos de venda	Punto de control e venda no lugar de As Xubias (A Coruña)

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾
A Pé	X F M A M X XI A S O N D



Rexeneración zonas improdutivas					X	X	X	X	X						
Zonas: Marxe Dereita, banco de A Baixada I-II, Sta. Cristina e Marxe Esquerda															
A flote	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Rexeneración zonas improdutivas					X	X	X	X							
Zonas: Canle zona de libre Marisqueo															
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Extracción semente para resembrar				X	X	X									
A Pé- Zonas: Praia de Sta. Cristina															
Especies: Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>) e berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>)															
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Sementeiras					X	X	X	X							
Zonas: Banco de A Baixada e Canle da ría															
Especies: Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>) e berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>)															
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Traslados	X	X	X	X											
A Pé: dende as zonas de autorización–banco de O Carniceiro, incluída a zona de gancha a pé-cara á canle do Canijote.															
A Flote: dende a canle da zona de autorización cara á canle de libre marisqueo da Ría do Burgo															
Especies: Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>) e berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>)															
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Rareos															
Zonas:															
Especies:															
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Limpezas e arados															
Zonas:															
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D			
Outros															

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: O listado anexo ao plan inclúe 37 embarcacións, cando conforme aos datos da Consellería son 38 as embarcacións con marisqueo (Z7) no seu permiso. Non inclúe a embarcación que dispón de marisqueo (Z7) no seu permiso, polo que debe ser incluída neste plan.

Respecto ao marisqueo a pé, no listado adxunto ao plan figuran un total de 90 mariscadores, e aínda que o número coincide co resultante da renovación de permisos para o ano 2011, non así a relación. En dito listado inclúese a que non ten o permex renovado para o ano 2011, e non figura que ten o permex en vigor ata o 19 de xuño de 2011 polo que debe ser incluída no plan.

Ámpliación: A situación dos recursos marisqueiros nos bancos explotados por este colectivo, e o feito de que parte deles continúen a estar clasificados como zonas de clase C para a produción de moluscos bivalvos na Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde de 8 de setembro de 2006, pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos



e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, desaconsella acceder a ampliación solicitada de 6 tripulantes.

Cotas máximas de captura: Os topes máximos de captura propostos para ameixa xaponesa nas modalidades de a pé e a flote e para a ameixa babosa na modalidade de a pé, en base ós resultados das mostraxes, considéranse elevados, quedando fixadas as cotas máximas en 2 kg por mariscador e día e 2 kg por tripulante enrolado e a bordo e día para ameixa xaponesa e 7 kg por mariscador e día para ameixa babosa na modalidade de a pé.

Na modalidade de marisqueo dende embarcación, as cotas máximas de captura establécense por tripulante, de tal xeito, que o número de tripulantes con dereito é de 44, sempre e cando estean debidamente enrolados e a bordo.

(*) Xestión da explotación: Non se observa inconveniente en que se simultanee a actividade extractiva nos bancos sumerxidos da canle da ría do Burgo coa extracción nos bancos de Valiña e Oza baixo o compromiso firme da entidade a remitir a información claramente diferenciada. No caso de detectarse o incumprimento desta condición manteríase a condición establecida na ficha resumo de aprobación do plan non permitíndose a simultaneidade.

Artes autorizadas: a gancha a pé non é unha arte autorizada no Decreto 424/1993, polo que o seu uso require da aprobación dun plan experimental (bordes dos bancos da Baixada I e II, e fronte os bancos do intermareal da marxe dereita desta ría dende a ponte da Pasaxe ata a punta da praia de Santa Cristina)

Puntos de control: Establécese un único punto de control que se corresponde co punto de venda, no que se controla o cupo de cada mariscador e se clasifica o marisco por especie e talla. As persoas responsables son os membros das dúas directivas de marisqueo. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes do plan.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Accións de semicultivo e vixilancia: A organización dos traballos de semicultivo e vixilancia previstos neste plan para o colectivo de a pé está ben definida, sendo obrigatoria a participación para todos os integrantes do plan. A responsabilidade da organización, distribución dos grupos de traballo e control de asistencia é da directiva da agrupación de mariscadoras a pé. Os días adicados a estes traballos e vixilancias computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex.

Sen embargo, non se especifica o xeito de organización dos traballos previstos para o colectivo de a flote, e aínda que se establece que a participación é obrigatoria para todos os integrantes do plan, non designa ás persoas responsables do control de asistencias nin a forma na que se levará a cabo.

As accións de semicultivo previstas faranse tendo en conta o acordo asinado entre as dúas agrupacións.

Recomendacións para a mellora do plan:

Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan. Recoméndase a elaboración e aprobación do regulamento de réxime interno da agrupación.



CONSELLERÍA DO MAR
XUNTA DE GALICIA
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25